



**O traballo feminino en
industrias pesqueiro-marítimas
durante o primeiro franquismo.**

*Un caso de
estudo en Vigo*



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Óperacións
Diarias
da Lonxa
do Berbés



Resumo

Actualmente, existe unha controversia vinculada á participación laboral feminina durante o primeiro franquismo, ao se ligar o discurso franquista do “anxo do fogar” coa expulsión directa da poboación activa feminina do mercado de traballo ata os anos sesenta. O presente traballo busca, por tanto, a través dun estudo sectorial e local, discrepar desta teoría. Tomando como exemplo o caso de Vigo, e concretamente as industrias pesqueiras, tratarase de demostrar que a muller española continuou presente no mercado de traballo contra a postura domesticista da ditadura.



SEREAS
"as mulleres do mar"



ÍNDICE

Introdución	1
1 - A situación da muller española na primeira metade do século XX	2
2 - Os mercados de traballo femininos no Vigo do primeiro franquismo	4
3 - A presenza feminina ao mando de negocios no Vigo do primeiro franquismo	7
4 - A comercialización dos produtos marítimos: as peixeiras na lonxa do Berbés	8
<i>4.1 - Peixeiras en Vigo: navegando sobre a carencia de fontes</i>	10
5 - Alfageme: emblema do sector conserveiro vigués	13
<i>5.1 - De Candás a Bouzas: a travesía empresarial dos Alfageme</i>	13
<i>5.2 - Organización e segmentación laboral no sector conserveiro</i>	15
<i>5.3 - División sexual do traballo e remuneración desigual na empresa Alfageme</i>	18
Conclusións	22
Bibliografía	24



Introdución

Dende os principios da industrialización, moitas mulleres accederon á esfera económica como traballadoras asalariadas, aínda que tamén en ocasións como rexentes de negocios, intermediarias ou incluso capataces. Malia ser traballos reservados xeralmente aos homes, unha mestura de necesidade (a das viúvas, a das fillas sen irmáns, a das mulleres obreiras) e, ás veces, o uso da forza de traballo feminina como mecanismo para o abaratamento dos custos empresariais deron lugar á entrada das mulleres no mercado laboral. E así tamén en España, onde a súa participación era significativa en industrias intensivas en man de obra, como, por exemplo, o sector téxtil ou o conserveiro.

O obxectivo principal desta investigación será, en primeiro lugar, construír unha imaxe da situación laboral das mulleres españolas no primeiro franquismo, tanto desde o punto de vista das traballadoras por conta allea como o caso das mulleres ao mando de negocios propios. O traballo céntrase nun caso de estudo concreto, tanto económico como xeográfico: a industria extractiva e transformadora de peixe en Vigo. Para a parte da industria extractiva, estudaranse as pescantinas traballadoras na lonxa do Berbés. No ámbito transformador, o traballo estudará as mulleres de Alfageme, empresa conserveira clave no Vigo do primeiro franquismo. Tentarase cuantificar a fenda salarial que existía entre as ocupacións masculinas e femininas.

1

A situación da muller española na primeira metade do século XX



Desde o comezo da industrialización da economía a escala mundial, prodúcese unha separación entre o “gañador de pan” e a “ama de casa”, algo que se afianzaría en España dende comezos do século XVIII. O traballo das mulleres pasa a ser considerado non produtivo, realizando tarefas correspondentes “ao seu sexo” no ámbito doméstico. A entrada da muller ao mercado laboral sufrirá dous tipos de discriminación, tal e como sinala Caillavet (1987). En primeiro lugar, as clases traballadoras ven a incorporación feminina como un aumento de competencia e, polo tanto, unha ameaza para o acceso masculino a un posto de traballo. En segundo lugar, as clases acomodadas consideraban como un símbolo de status que a muller non necesitase contribuír aos ingre-

sos familiares. Non obstante, os estudos xa feitos, tanto no marco nacional coma no europeo, indican que os ingresos achegados polas mulleres e polos fillos eran esenciais nos fogares obreiros nos séculos XIX e XX (Pérez-Fuentes Hernández, 2003). Polo tanto, a muller tivo desde o comezo das sociedades industriais un papel clave ao ter que asumir as tarefas domésticas, consideradas consubstanciais á natureza feminina.

Desde o punto de vista nacional, o feito de que as mulleres non puidesen acceder en igualdade de condicións á educación regrada levaría os empresarios a discriminalas, separando ambos os xéneros no “sector primario e sector secundario” do mercado

de traballo (Borderías, 2008). Isto é, un sector onde existía unha preparación e cualificación oficial, pertencente aos homes, e un sector secundario asignado ás mulleres, no que destacaba a irregularidade, a formación era de tipo informal e os salarios eran comparativamente moi baixos. Esa visión que se defendía sobre o “anxo do fogar”, dedicada ao coidado familiar, chocaba coa necesidade das familias obreiras de ingresos complementarios ao do home.

É importante resaltar que as novas responsabilidades que as mulleres adoptan coas súas tarefas remuneradas —por exemplo, na industria téxtil ou tabaqueira— non deixan de ser as mesmas que asumían no ámbito doméstico. A muller empeza a reducir a súa presenza no sector agrícola para aumentala na industria e o sector terciario. Segundo o censo de poboación de 1930, a maioría da poboación activa feminina dedicábase ao servizo doméstico, á agricultura, á industria téxtil e ao comercio (Núñez Pérez, 1993).

Co comezo da Guerra Civil, a maioría das mulleres incorpóranse ao mercado laboral, ao quedar vacantes moitos postos debido á participación masculina no conflito. Xa fose en actividades tradicionalmente femininas ou ocupando outro tipo de postos, estímase que entre un 50 e un 60% das mulleres en idade de traballar se integraron na poboación activa. Tras a vitoria do bando nacional, o réxime adopta a ideoloxía falanxista, defendendo que as mulleres volvesen ao seu “papel tradicional” (Benería, 1977).

A muller dispuña de calidades “propias do seu sexo” imprescindibles no fogar: paciencia, obediencia, resignación, abnegación... (Díez Fuentes, 1995). Polo tanto, cando as mulleres solteiras se dedicaban a algunha actividade asalariada, non se lles recoñecía a súa profesión como no caso masculino (Nielfa Crisóstbal, 2003).

A muller pasa a ocupar os postos peor pagados nas industrias intensivas en man de obra, co obxectivo de manter os beneficios empresariais. Nas actividades estacionais, o rexistro destas mulleres complícase xa que, ao traballar durante uns meses ao ano, considéranse como inactivas para os efectos das estatísticas oficiais.



2

Os mercados de traballo femininos no Vigo do primeiro franquismo

Dende mediados do século XIX, a cidade de Vigo estivo formada por pequenas empresas dedicadas á industria marítimo-pesqueira, en especial empresas conserveiras, estaleiros e diferentes fábricas auxiliares. A base da economía viguesa era a industria conserveira, onde a maior parte do persoal constituíanlo mulleres dedicadas a actividades pouco cualificadas e intensivas en man de obra, maioritariamente de carácter estacional, coincidindo coas capturas.

Canto á formación que recibían as viguesas durante a primeira etapa franquista, Martínez López de Castro (2021) estuda o exemplo da Escola Municipal de Artes e Oficios. A autora explica que a creación de postos de traballo propiamente femininos e a falta de formación especializada para as mulleres son parte do proxecto político franquista. A instrución profesional da Escola estaba centrada en educar as mulleres como amas de casa. Fóra diso, só existía a posibilidade de ocupación laboral nalgunhas tarefas de tipo administrativo ou aquelas que derivasen directamen-

te das súas ocupacións de ama de casa: costura, decoración de vaixelas...

No ano 1940, o censo de poboación indícanos unha taxa de actividade feminina do 15,75% para a cidade de Vigo, onde a maior parte das mulleres encadrábanse no grupo de idade de 20 a 29 anos. A maioría destas mulleres dedicábanse á agricultura, o servizo doméstico, confeccións e industrias alimentarias. En cambio, en 1950, a porcentaxe de mulleres activas aumenta ao 22,41%. Os grupos con maior presenza de mulleres son, novamente, a agricultura, as industrias fabrís e o sector dos servizos. Non obstante, a maioría das mulleres viguesas eran consideradas improdutivas nos rexistros censuais e, en consecuencia, dependentes do salario masculino.





3

A presenza feminina ao mando de negocios no Vigo do primeiro franquismo

Nas primeiras décadas do século XX, gran parte da sociedade rexeitaba e desprezaba o traballo feminino, dentro e fóra do ámbito familiar. No traballo asalariado, as mulleres dedicábanse a profesións “propias do seu sexo”: serventas, amas de cría, lavadeiras, etc. (López Vidal, 2005). Tendo en conta todas as trabas sociais e legais ás que a muller da época debíase enfrontarse, é evidente que apenas existiría unha representación feminina ao mando de sociedades, ao ter que facer fronte, entre outras, á limitación que existía na súa instrución e participación empresarial (Requejo Losada, 2005). Por unha ou outra causa, durante este período e ata os nosos días, a muller segue a padecer as consecuencias do denominado “teito de cristal”, a falta de oportunidades igualitarias acceder a cargos de responsabilidade. Aínda existindo algunhas excepcións, como sería o caso de Esperanza Massó Ferrer, personalidade clave ao mando de *Vda. e Hijos de J. Barreras*,

a presenza feminina neste tipo de empresas é anecdótica. Si que existiron algunhas empresas economicamente significativas na cidade con representación feminina, pero en gran parte das ocasións trataríase de mulleres viúvas substituindo os seus fillos menores de maneira temporal. En Requejo Losada (2005) atopamos un anexo de empresas onde a muller tiña algún tipo de responsabilidade na xestión da sociedade. Das 23 empresas, 16 estaban dedicadas á fabricación de conservas ou, se non, tratábase de industrias auxiliares. Se se analizan os libros sobre a Contribución Industrial e de Comercio do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, en 1949, o 18% de contribuíntes por este imposto eran mulleres; é dicir, incrementouse o seu número ao mando de negocios en relación coa situación de preguerra.

4

A comercialización dos produtos marítimos: as peixeiras na lonxa do Berbés

No caso das comunidades pesqueiras, a división do traballo producíase asignándolles aos homes as ocupacións marítimas e ás mulleres o traballo terrestre. A muller costeira realizaba as actividades auxiliares, por exemplo, “a través do marisqueo, a transformación e conservación do recurso pesqueiro, estiba e desestiba, preparación da embarcación e avituallamento, comercialización da materia prima ou reparación de redes e aparellos” (Broullón Acuña, 2020, páxs. 35 e 36). Do mesmo xeito que no caso das conservas, as ocupacións e responsabilidades adoptadas polas mulleres non deixan de ser as mesmas que no ámbito doméstico: a reparación de redes e aparellos pódese vincular á costura, o marisqueo á agricultura, o comercio coa venda de produtos agrarios nos mercados ou o avituallamento coa realización de actividades domésticas no marco familiar.

Na maioría destes traballos, as mulleres non dispoñían de recursos propios ao formar parte da actividade do marido, polo que se atopaban nunha situación



de subordinación. Ademais, debido á inestabilidade de ingresos da actividade pesqueira, á que se sumaban as longas ausencias do marido, a familia vivía momentos de carestía e necesidade. Soamente o marisqueo suporía unha alternativa imprescindible como complemento de ingresos para o sostemento familiar. Todo iso a pesar da precariedade do sector e a discriminación que sufrían as mariscadoras por parte dos intermediarios entre elas e os demandantes desta materia prima (Broullón Acuña, 2010).

Canto aos labores que desempeñaban as mulleres neste sector, atopamos unha variedade de profesións, por un lado, invisibilizadas nas estatísticas oficiais, e por outro, necesarias de gran cualificación. Unha das actividades con maior esixencia e tradición é a de redeira ou redeiro, profesión puramente manual e que segue en moitos casos unha transmisión interxeracional. Historicamente, é esta unha actividade desenvolvida principalmente por mulleres. As redeiras encargábanse da confección, reparación

e mantemento en xeral das redes utilizadas nos barcos, moitas veces de familiares, para os que traballaban. Noutras ocasións, realizaban esta actividade por conta allea, traballando para os armadores, en condicións laborais de gran dureza e xornadas extensas. Da variedade de artes de pesca deriva unha diversidade de coñecementos para a fabricación e a reparación das redes que se utilizaban. No desenvolvemento destas actividades, as mulleres non só formaban unha comunidade laboral, os seus fortes vínculos excedían o ámbito profesional (Romaní e Caamaño, 1997).

O marisqueo constituíu outra das actividades extractivas con longo percorrido histórico. Foi a partir dos anos cincuenta cando experimentou unha grande expansión, debido tanto ao aumento da demanda como á crise da agricultura. Nestes momentos, as praias échense de mulleres que procuran completar os ingresos familiares, dependendo dos intermediarios que vendían á industria conserveira. A actividade no primeiro franquismo aínda non estaba en mans das confrarías locais, nin estaba controlada a produción e explotación, de maneira que este aumento da demanda viría da man dunha sobreexplotación dos recursos a través do denominado furtivismo (REMSP, 2016). Non sería ata os anos noventa cando se producise a profesionalización do oficio.

Unha das actividades auxiliares máis relevantes na pesca durante décadas foi a das empacadoras (*neskatillas* no País Vasco). O seu traballo representaba

unha dobre vertente: por un lado, as mulleres encargábanse do avituallamento do barco, e por outro, da carga e descarga das capturas. Se se realizaban profesionalmente, tratábase de labores con carácter descontinuo, co efecto que iso tería nos ingresos. En cambio, se se realizaba en relación unicamente coa actividade pesqueira familiar, impedía ter calquera outra ocupación que non fose complementaria desa profesión.

Finalmente, como ocorría con moitos produtos agrarios, a comercialización dos produtos marítimos ao retallo recaía sobre as mulleres. Isto incluía a preparación do peixe para a súa venda, nalgúns casos secado e salgado previamente. A venda non só tiña lugar nas prazas e mercados locais, senón tamén de forma ambulante, na figura das *carrexonas* ou as *regateiras*. O seu papel sería paulatinamente desprazado polas redes formais de comercialización e distribución, manténdose ata ben entrado o século XX, cando estas tiñan menor presenza. O seu traballo consistía en transportar a pé as capturas dos seus maridos e ir desde o porto ata localidades próximas vendendo o peixe de maneira ambulante, no caso de embarcacións de artes menores. Ademais, no caso da pesca de altura, compraban o peixe á lonxa para a súa subseguinte venda. En moitas ocasións, era o home o que se ocupaba da compra do peixe na lonxa, mentres que as mulleres realizaban a venda.

4.1 Peixeiras en Vigo: navegando sobre a carencia de fontes

De cara ao estudo da presenza feminina na actividade marítima extractiva, dado o seu carácter informal, a clase de actividades desempeñaban adoito as mulleres é moi pouco propensa a deixar rastro escrito. Un exemplo sería o das vendedoras ambulantes, que non dispoñían dun negocio físico nin rexistrado administrativamente, ademais de non constituír unha actividade regular. Desta forma, os Libros de Operacións Diarias da Lonxa do Berbés aparecen como practicamente a única opción dispoñible para unha aproximación a este tipo de ocupacións no Vigo do período de estudo.

Na fonte infórmase dunha serie de aspectos identificadores das transaccións realizadas. En primeiro

lugar, o número de factura (unha por cada carga de embarcación e día), ademais do vendedor ou vendedora encargada de poxar a mercancía na lonxa. Tamén se describe a carga, separándoa por especies e clases de peixe, así como o número de caixas, quilos declarados e botados. Recolle igualmente o prezo por quilogramo e o importe debido por cada venda. Finalmente, identifícase o comprador, un elo máis da cadea de intermediarios entre os barcos e os consumidores. Ás veces tratábase de industrias conserveiras que se provían de materia prima, noutras, de vendedores ao retallo, pero outras veces eran axentes de comerciantes para poder transportala a outros mercados.

¹ Castro y Otero, Massó hermanos, Antonio Alonso e Hijos, Viuda e Hijos de J. Barreras, La Molinera Gallega, Sociedad Eléctrica Gallega, Banco de Vigo, Juan B. Cerqueira y cía, Tizón y González, La Metalúrgica S. A., Guillermo Curbera e Hijos, Rafael Saenz Díez y cía, Cándido Estévez y cía, Manuel Pita, Hijos de J. Barcena y Franco, Molins Balverde y cía, Beltrán y Mirambell, Talleres Mecánicos Alonarti, Vicente Suárez y cía S. L., Sociedad F. Bertrán y Mirambell S. L., Ribas e Hijos, S. L., Comercial Vigo S. A. e Zeltia S. A.

Táboa 1. Poxadores por barco na lonxa do Berbés e participación feminina absoluta e relativa nas vendas, 1940-1955

Data	Vendas totais	Vendas mulleres	% mulleres/total
02/01/1940	75	12	16
01/02/1940	68	4	5,88
01/03/1940	71	13	18,31
02/01/1945	38	7	18,42
01/02/1945	24	6	25
01/03/1945	60	4	6,66
01/01/1950	12	0	-
01/02/1950	55	14	25,45
01/03/1950	110	28	25,45
03/01/1955	94	13	13,83
01/02/1955	40	7	17,5
01/03/1955	150	15	10

FONTE: elaboración propia a partir dos Libros de operacións diarias da Lonxa do Berbés, AHMV.

No caso das vendas, representadas na táboa 1, contabilizáronse o número de embarcacións descargadas e poxadas no porto de Vigo. Canto aos datos reflectidos na táboa, poderíase deducir que non existe unha relación positiva entre o número de vendas e as poxadoras participantes; é dicir, a maiores poxas, non había necesariamente máis mulleres. Obsérva-

se un rango porcentual de barcos poxados por mulleres situado entre 0 e 25%; polo tanto, de media, as poxadoras poderían ascender a un 10-15%. Iso sen esquecer que o labor feminino habitual nas lonxas era o de transporte de peixe a localidades contiguas (Fernández Rei, 2007).

² Caixas 7758, 7759, 7760, 7815, 7816, 7817, 7875, 7876, 7877, 7935, 7936 e 7937 (en orde cronolóxico).

Táboa 2. Compras totais na Lonxa do Berbés e participación feminina absoluta e relativa nelas, 1940-1955

Data	Compras totais	Compras mulleres	% mulleres/total
02/01/1940	437	107	24,49
01/02/1940	443	53	11,96
01/03/1940	391	68	17,39
02/01/1945	449	57	12,69
01/02/1945	135	6	4,44
01/03/1945	405	52	12,84
01/01/1950	94	18	19,15
01/02/1950	607	183	30,15
01/03/1950	340	78	22,94
03/01/1955	708	153	21,61
01/02/1955	340	76	22,35
01/03/1955	442	102	23,08

FONTE: elaboración propia a partir dos Libros de operacións diarias da Lonxa do Berbés, AHMV.

Na táboa 2, a información referente ás compras diarias para a súa posterior comercialización ao retallo reflicte unha maior porcentaxe de presenza feminina ca no caso anterior. Oscilando nun rango do 4 ao 30 %, estes datos tamén se atopan representados á baixa á hora de identificar a presenza feminina, xa que en moitos casos eran os maridos os que acudían á lonxa a comprar o xénero e as mulleres encargábanse da posterior comercialización.

Por tanto, é máis ca notable e está fóra de toda dúbida a importancia das mulleres no proceso de comercialización dos froitos do mar. Xa sexa de ma-

neira directa na súa extracción ou de forma indirecta a través do seu intercambio, a muller desempeñou historicamente unha serie de labores esenciais para o proceso extractivo nas sociedades marítimas; empezando dende o momento anterior á saída das embarcacións e acabando co consumidor final. Aínda que nunha lóxica de división sexual do traballo e dominación masculina operando no seu rol subordinado e vindo limitada a súa autonomía material, o seu traballo non era en absoluto secundario nin auxiliar, senón totalmente central.

5



Alfageme: emblema do sector conserveiro vigués

A empresa Alfageme, tal e como explica Carmona Badía (2020), representa un “símbolo da industrialización viguesa”. Dende os seus inicios empresariais en Asturias ata o seu definitivo traslado a Vigo, Alfageme suporía un exemplo de vangarda e innovación produtiva no sector conserveiro. Por todo iso, tomouse a empresa como caso de estudo para analizar as dinámicas internas da organización laboral nunha empresa conserveira. Tomando como fonte primaria a documentación albergada polo arquivo do Museo da Conserva, buscouse estudar o impacto da fenda salarial entre o persoal da fábrica durante o primeiro franquismo.

A información que se extraeu permítenos elaborar unha serie temporal de ingresos por parte dos traballadores e as traballadoras, principalmente os seus xornais, e así comparar as categorías masculinas e femininas análogos.

5.1

De Candás a Bouzas: a travesía empresarial dos Alfageme

A empresa familiar Alfageme fúndase na localidade de Candás (Asturias) en 1873 por Bernardo Alfageme Pérez, quen comezará a actividade conserveira, ademais de actuar de trasfegador entre os portos marítimos asturianos e o interior peninsular (Rodríguez Rodríguez, 2011). Nos seus comezos, as conservas comercialízanse baixo a marca “La Legalidad” e, ante o auxe do negocio, Alfageme decide instalar unha filial na Coruña en 1903, aínda que sen moito éxito, de maneira que a empresa daríase de baixa do padrón industrial municipal en 1906.

Tras os bos resultados económicos obtidos polo sector despois da Primeira Guerra Mundial, Bernardo Alfageme, da man do seu fillo Hermenegildo, volvía a Galicia para trasladar definitivamente a empresa.

Situada en Bouzas, a fábrica comeza a súa actividade en 1931, continuando coa produción a partir de 1936 sen o seu fundador, que foi fusilado xunto ao seu neto en Xixón. A partir deste traumático suceso, Hermenegildo Alfageme continúa a xestión da empresa familiar, pero abandonando toda actividade en solo asturiano.

A fábrica estaba situada na rúa Tomás Alonso, cunha superficie que superaba os 10 000 metros cadrados. Na primeira metade dos trinta, a produción fabril superaba as cincuenta mil caixas, onde enlataban, ademais da tradicional sardiña, outras especies como calamar ou mexillóns. Esta diversificación favorecería que, ante as posteriores crises sardiñeiras das décadas dos corenta e os cincuenta, a empresa se vira menos afectada economicamente que as súas competidoras.

Segundo a documentación extraída do arquivo de Alfageme, e tal e como se menciona en López Rodríguez (2020), a nave principal da empresa, onde entraban as capturas directamente desde as embarcacións, dedicábase á fabricación das conservas. Logo de desembarcar a materia prima, procedíase á súa limpeza de maneira manual e pasaba a uns toneis onde se salgaba o peixe. Deixábase durante unhas horas en salmoira e pasábase de novo ás mesas, onde remataba o proceso de limpeza e desespiñado.

O seguinte paso era cocer o peixe nos *cocedoiros* con vapor a baixa presión e, a seguir, pasábase a unhas mesas de secado e arrefriado. Cando o peixe se empacaba, comezaba o proceso de aceitado e cerrado das latas, que eran esterilizadas, revisadas, embaladas e, finalmente, postas en circulación no mercado.

Unha das claves do éxito de Alfageme foi a súa orientación comercial, destinando a metade da súa produción ao mercado nacional e a outra metade ao mercado internacional. A diferenza da compañía, a maior parte das conserveiras tendían a vender unha gran porcentaxe da súa produción ao exterior, polo que sufrían en maior medida as crises económicas externas. Ademais, ao redor da fábrica principal foise instalando unha serie de industrias auxiliares, como Productos Proteicos, S. L., destinada á fabricación de aceites e fariñas de pescados. Fronte ás crises sardiñeiras que Galicia sufriu durante o primeiro franquismo, a empresa buscaba outras zonas na costa nacional onde poder extraer sardiña, en lugar de substituíla por outras especies como fixeran a maioría das conserveiras. Para o ano 1962, Alfageme censara para a súa fábrica de Bouzas 198 traballadores e 119 na instalada en Alxeciras (Rodríguez Rodríguez, 2011).

³ Outras marcas rexistradas pola empresa entre 1913 e 1933 foron Preferidas, Romeo y Julieta, Míau, La Providencia, Bernardo Alfageme, Conservas Alfageme, La Barretina e Eureka (Rodríguez Rodríguez, 2011).

5.2 Organización e segmentación laboral no sector conserveiro

A fabricación de conservas supón un exemplo de *occupational crowding*, é dicir, a presenza feminina en postos pouco cualificados, intensivos en man de obra e con salarios comparativamente moi baixos. Isto suporía unha traba para o ascenso destas mulleres a postos con maior cualificación e responsabilidade. Segundo Muñoz Abeledo (2010), o persoal feminino neste sector supoñía arredor dun 80% sobre o total, superando en moitos casos o 90%. A decisión de empregar man de obra feminina debíase aos reducidos custos laborais para a empresa, os cales non superaban o 10% sobre os custos totais. Ademais, o mantemento dos salarios femininos baixos en comparación con outros sectores industriais debíase, en parte, á necesidade de que as conservas galegas fosen máis competitivas a escala internacional fronte ás francesas.

Os dous principais segmentos na industria conserveira eran o primario, só ocupado por homes, e o secundario, cunha maioría feminina indiscutible. O primeiro segmento caracterizábase pola estabilidade nos contratos, que eran principalmente indefinidos e con salarios máis altos ca os das súas compañeiras. Este grupo integrábanos grupos profesionais como mestres, soldadores ou capataces, en fábrica ou taller. O segundo segmento, o conformado por mulle-

res, caracterizábase pola eventualidade; a maioría eran xornaleiras que traballan principalmente coincidindo coas mareas de sardiña, cando o traballo na fábrica demandaba máis man de obra. Canto ao salario, debido á eventualidade, soamente traballaban e cobraban durante uns meses ao ano, por iso a maioría das operarias eran consideradas como inactivas nas estatísticas oficiais.

A Reglamentación Nacional de Trabajo en las industrias de conservas y salazones de pescado, publicada na Gazeta o 31 de outubro de 1958, explícanos de maneira detallada a organización e división laboral dentro dunha fábrica do sector, ademais da responsabilidade asignada a cada posto e a táboa de salarios. Segundo as súas funcións, o persoal dividíase en seis grupos profesionais diferentes: Persoal Técnico (Grupo 1), Persoal Administrativo (Grupo 2), Persoal Subalterno (Grupo 3), Persoal de Fabricación (Grupo 4), Persoal de Oficios Varios (Grupo 5) e Persoal Non Especializado e Aprendices (Grupo 6). As seguintes subcategorías correspondíanse con traballos especificamente femininos: no grupo 2, auxiliar e telefonista; no grupo 3, muller de limpeza; no grupo 4, mestra, oficial de primeira e oficial de segunda; e no grupo 6, auxiliar feminino, pinche e aprendices. É notorio que a medida que se descende nas categorías profesionais, aumenta o número de postos dedicados a mulleres. Do mesmo xeito, a evolución salarial segue a mesma dinámica, algo que podemos ver na táboa 3.

Táboa 3. Actualización do xornal do persoal de fabricación e persoal non especializado/aprendices e fenda salarial na industria conserveira nacional, 1958

Grupo	Categoría profesional	Home	Muller	Fenda salarial (en %)
4	Mestre	50	38	24,00
4	Oficial de primeira	46	32,25	29,89
4	Oficial de segunda	44	30,75	30,11
6	Peón/ Auxiliar	36	26,75	25,69
6	Pinche de 17 anos	23,25	21,50	7,52
6	Pinche de 16 anos	21,50	20	6,98
6	Pinche de 15 anos	19,75	18	8,86
6	Pinche de 14 anos	17,75	16	9,85
6	Aprendiz 1.º ano	13,5	10	25,93
6	Aprendiz 2.º ano	21,75	13	40,23
6	Aprendiz 3.º ano	27,50	16	41,82
6	Aprendiz 4.º ano	–	20	–

FONTE: elaboración propia a partir de datos extraídos da *Gazeta do día 31/10/1958* e Muñoz Abeledo (2010).

A táboa 3 ofrécenos unha panorámica dos salarios nacionais na industria transformadora de peixe. En primeiro lugar, a segmentación laboral manifestábase incluso nos anos que se consideraban necesarios para aprender unha determinada profesión: os aprendices homes mantíñanse nesta categoría polo menos tres anos; ás mulleres, en cambio, impoñíase un ano máis, pero a maioría das veces o período era moi superior aos catro anos, o que axudaba a reducir aínda máis os custos laborais. De feito, é pre-

cisamente nestas categorías onde se observa unha maior porcentaxe de fenda salarial. Iso significaría que, en termos absolutos, unha muller tería que ascender a oficial de segunda para poder superar o salario dun aprendiz de terceiro ano. No caso dos mestres e mestras e oficiais de primeira e segunda, a fenda distribúese entre o 24 e o 30%, aproximadamente. Ademais, nos oficiais é onde se rexistra a maior fenda tras os aprendices. En cambio, nos postos de mestre/a, a fenda redúcese en termos porcen-

tuais a uns niveis só superados polos pinches, con salarios moi similares.

O feito de que dende as empresas se quixese conter o custo laboral á custa de evitar o ascenso das mulleres a un rango superior aumentaría as consecuencias sociais do denominado “teito de cristal”, algo que tamén podemos ver na cantidade de horas traballadas de media por sexo. Segundo a documentación consultada para a empresa Alfageme, as operarias, a maioría eventuais, traballaban de media máis que os seus compañeiros homes, tendo en conta tanto horas ordinarias como extraordinarias. Ademais, as

mulleres supoñían unha vantaxe para o empresario, xa que tendían a unha menor conflitividade e asociacionismo obreiro, que se sumaba á flexibilidade da man de obra feminina ante a estacionalidade da industria.

Canto á retribución salarial en Alfageme durante o período franquista, novamente tendo en conta a documentación albergada no arquivo do Museo da Conserva e na investigación realizada por López Rodríguez (2020), preséntasenos o seguinte esquema retributivo.

Táboa 4. Salario por hora profesional do persoal de fabricación e persoal non especializado/aprendices e fenda salarial en Alfageme, 1962

Grupo	Categoría profesional	Home	Muller	Fenda salarial (en %)
4	Mestre	8,623	6,554	23,99
4	Oficial de primeira	7,933	5,561	29,90
4	Oficial de segunda	-	5,303	-
6	Peón/ Auxiliar	6,208	4,612	27,71
6	Pinche de 17 anos	-	3,966	-
6	Pinche de 16 anos	-	3,449	-
6	Pinche de 15 anos	-	3,103	-
6	Pinche de 14 anos	-	2,759	-
6	Aprendiz 1.º semestre	-	1,724	-
6	Aprendiz 2.º semestre	-	2,241	-
6	Aprendiz 3.º semestre	-	2,759	-
6	Aprendiz 4.º semestre	-	3,449	-

FONTE: elaboración propia a partir de datos extraídos de López Rodríguez (2020), pág. 62.

Se comparamos os datos salariais da empresa coas táboas de referencia publicadas na Gazeta, obsérvase un paralelismo entre as fendas salariais dispoñibles e as calculadas para a información anterior. Polo tanto, poderíase concluír que, de media, as operarias da conserva cobraban arredor dun 25% menos que o persoal masculino que realizaba a mesma actividade. Ademais, para o período consultado, o persoal feminino concentrábase nos postos de oficial de 2.^a ou inferior. Máis aínda, entre 1939 e 1970, non aparece ningunha muller rexistrada como mestra.

5.3 División sexual do traballo e remuneración desigual na empresa Alfageme

Para achegarnos dunha maneira máis aproximada ao cálculo da fenda salarial da empresa Alfageme, extraéronse datos salariais da documentación consultada referente ao persoal existente no primeiro franquismo. A elección consistiu, en primeiro lugar, na necesidade de escoller postos que puidesen compararse entre si. En segundo lugar, tratouse de escoller os empregados con carreiras máis duradeiras dentro da empresa que pertencesen ao período de estudo. Esta elección foi complexa debido á alta temporalidade do sector. Tomáronse exemplos das profesións máis comúns e demandadas na industria, divididas por xénero: soldador e obreira de segunda, peón e auxiliar e, ademais, dous escribentes de oficina. Tras o baleirado da fonte, tratouse de calcular a

fenda salarial entre ambos, comparándoa coa obtida a partir dos salarios publicados nas Gazetas de 1938 e 1958.

Antes de comezar a analizar en profundidade os resultados, cómpre describir as tarefas desempeñadas por cada profesión. Os soldadores tiñan como principal ocupación a montaxe do gasómetro, a conservación da maquinaria utilizada e o selado das diferentes partes da lata (Muñoz Abeledo, 2010). A obreira de segunda podía ocuparse, sen ser tutelada, da limpeza do peixe, o empaque e estiba das latas ou barrís e o aceitado. Tanto o peón como a auxiliar feminina tiñan como principal función asistir as tarefas secundarias, tanto da fábrica como do taller, necesarias en cada proceso. No desenvolvemento das súas tarefas estaban supervisados por traballadores de maior rango. Canto ao persoal de administración, no seus diferentes rangos profesionais, cubría dende a xerencia delegada da empresa ata labores de contabilidade, taquimecanografía ou elaboración de estatísticas. No caso concreto que aquí nos ocupa, e segundo o salario, é probable que ambos os empregados escollidos realizasen traballos de oficiais de primeira ou de segunda en oficina. É dicir, un oficial de primeira e segunda realizaba labores de caixa, redacción de documentos e correspondencia e labores contables secundarios. O oficial de segunda, a pesar da similitude das súas tarefas, tiña unha iniciativa limitada pois estaba subordinado aos seus superiores.

Gráficos 1, 2 e 3. Fendas salariais a partir do xornal na empresa Alfageme e a partir dos Regulamentos Nacionais do sector publicados na Gazeta

Gráfico 1. Fenda soldador-obreira de segunda, 1957-1960




Gráfico 2. Fenda salarial peón-auxiliar feminina, 1951, 1952 e 1957





Gráfico 3. Fenda salarial escribentes oficina, 1948-1957



FONTE: elaboración propia a partir de datos extraídos da documentación do Museo da Conserva (caixas 89, 92, 95, 97, 99 e 100) e a *Gazeta dos días 29/07/1939, 25/11/1956 e 31/10/1958*.

O primeiro gráfico representa a evolución da fenda salarial entre un soldador e unha obreira de segunda. No primeiro caso, para os anos consultados, o xornal evoluciona dende 30 pesetas diarias a 46 en 1959. A obreira de segunda, en cambio, oscilaría entre as 18,87 pesetas diarias e as 30,75 en 1956. No referente ao cálculo da fenda, pode apreciarse un aumento no ano 1959, pasando do 27 ao 33%. Ao non existir unha serie salarial o suficientemente completa no caso masculino, o cálculo da fenda vese forzado a comezar no ano 1957. Doutro modo, observaríase unha situación diferente con anterioridade ao ano 1956, cando o salario da obreira pasa a actualizarse. A fenda salarial calculada a partir dos

datos da *Gazeta* mantense constante durante este período, supoñendo arredor do 30%. Se comparamos ambas, vemos como o ano 1959 marca un punto de inflexión debido ao aumento da fenda empresarial e á continuidade dos salarios base establecidos por lei.

En relación co segundo gráfico, que representa a fenda salarial entre o peón e a auxiliar, durante os tres anos, o peón pasa de cobrar 8 pesetas diarias en 1938 a 40 en 1957, con actualizacións en 1940 e 1951. No caso da auxiliar, o seu salario pasaría de 3,75 pesetas diarias en 1944 a 26,75 en 1959, con actualizacións en 1946, 1949, 1951, 1952, 1953, 1954 e 1956. A fenda oscila entre o 43 e o 56 % du-

rante os anos 1951, 1952 e 1957, debido á falta de datos continuados propia da eventualidade presente na empresa. Non obstante, entre 1952 e 1957 non se producen cambios na fenda salarial, aínda que si antes de 1951.

O terceiro gráfico representa a evolución salarial entre dous escribentes de oficina, un home e unha muller, entre 1948 e 1957. Para este posto dispónse dunha serie temporal con maior consistencia debido ás características de contrato indefinido propias dun posto que non se ve afectado polas condicións de variabilidade da produción. Non se observan nin cambios na cantidade de horas traballadas nin presenza de horas extra, ao se tratar de traballos de oficina cun horario predeterminado. Esta fenda calculouse, ao contrario das anteriores, a partir dos salarios mensuais, e non tendo en conta os xornais. A escritora muller pasaría de cobrar unhas 225 pesetas mensuais en 1941 ás 1000 de 1954, con actualizacións en 1947, 1948 e 1953, chegando ás 1600 en 1957. No caso masculino, identifícanse uns ingresos de 400 pesetas mensuais en 1939, aumentando a 1300 en 1947, con actualizacións en 1941 e 1942, aínda que na década de 1950 superaría as 3000 pesetas. Sobre a diferenza salarial, obsérvase unha fenda que oscilaría entre o 52 e o 66%. No caso do diferencial da Gazeta, só se dispón de datos do ano 1957, que suporían un 58%.

Polo tanto, poderíase concluír que, ademais dunha segregación vertical, pola que as mulleres non po-

dían ascender a postos de responsabilidade, tamén se observa unha discriminación salarial, malia ocupar postos de igual ou similar actividade. A fenda chega a supoñer valores moi elevados, con casos en que o home cobraría máis do triplo que a muller nunha categoría análoga.

Como puidemos observar tras a análise da información obtida do noso caso de estudo, a fenda salarial existente no sector na primeira metade do século XX supón unha clara discriminación no ámbito laboral. Ao contrario do acontecido no caso masculino, non se aprecia unha relación entre a antigüidade e o aumento salarial. O traballo feminino, visto como unha continuación das aptitudes naturais do seu “sexo”, considerábase, por tanto, traballo non cualificado. Pola contra, os homes, ao poder acceder a formación regrada, poderían dispoñer de mellores condicións e maiores subas salariais. As actividades realizadas por ambos os sexos pódense considerar equivalentes, tanto en esforzo físico como en coñecementos. Máis aínda, non existe un fundamento obxectivo que xustifique a xerarquización de ocupacións e a desigual retribución.

Conclusiones

Nesta investigación tratouse de reivindicar o papel feminino na participación laboral durante o primeiro franquismo, con atención preferente á situación da muller nos sectores extractivo e transformador das industrias marítimas. Tras a análise da bibliografía especializada e os datos extraídos dos diferentes arquivos, pódense concluír varias cuestións.

En primeiro lugar, o acercamento á realidade histórica do sector extractivo presenta enormes dificultades. Ao se mover a maioría de actividades entre a economía informal e o esforzo dos grupos domésticos, a dispoñibilidade de fontes —exceptuando a historia oral, que non permite cuantificar a magnitude desta ocupación— é practicamente nula. Aínda así, malia que a aproximación dende o punto de vista das compras e vendas na lonxa non sexa satisfactoria, permite dar conta do papel feminino nestas actividades. Non sendo unha das ocupacións femininas predominantes, nin a compravenda, nin a poxa, menos aínda, a presenza das mulleres non é en absoluto marxinal. Todo iso tendo en conta que, pola complicación da fonte, cuantificouse á baixa o número de mulleres.

No caso da industria transformadora, estudouse un exemplo notable do principal sector industrial da cidade, que é á vez ámbito de concentración de man de obra feminina. Unha manufactura en que se observa unha gran segmentación sexual do traballo en condicións laborais dispares (carreiras profesionais descontinuas con menor posibilidade de ascenso, pero con maior intensidade física e salarios moi inferiores), logo baseando o seu grande éxito e, con el, o desenvolvemento da totalidade da ría no esgotamento das mulleres a cambio de xornais reducidos. Situación esta na que, por suposto, a política domesticista franquista non dá lugar a ningún cambio nunha realidade que producía abundantes beneficios. Por debaixo do discurso da muller delicada que se ocupa exclusivamente do fogar, o esforzo das mulleres viguesas seguiu (e segue) limpando pescado e enchendo latas. É por iso polo que cabería preguntarse se foron exclusivamente as grandes familias industriais as que permitiron o desenvolvemento económico de Vigo ou se tamén é froito do esforzo, as penurias e o traballo de tantas e tantas mulleres.

S SEREAS

“as mulleres do mar”



Bibliografía

- Benería, Lourdes (1977). *Mujer, economía y patriarcado durante la España franquista*. Barcelona: Anagrama.
- Borderías, Cristina (2008). El papel de las instituciones en la segmentación sexual del trabajo en España (1836-1936). *Equidad en el trabajo*, 4(6), 15-35.
- Broullón Acuña, Esmeralda (2010). Culturas marítimas y relaciones de poder. La trayectoria del marisqueo a pie en las Rías Baixas gallegas. *Cuadernos de Estudios Gallegos* (123), 375-399.
- Broullón Acuña, Esmeralda (2020). Inclusión social y visibilidad del rol femenino en las sociedades marítimo-pesqueras: el estudio de caso de la Ría de Vigo en época contemporánea. En M. D. González Guardiola e D. Igual Luis, *El mar vivido. Perfiles sociales de las gentes de mar en la larga duración (siglos V-XXI)* (páxs. 31-48). Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- Caillavet, France (1987). Trabajo u honor. El trabajo femenino en la economía contemporánea. *REIS: Revista Española de Investigaciones Sociológicas* (40), 113-133
- Díez Fuentes, José Manuel (1995). República y primer franquismo: la mujer española entre el esplendor y la miseria, 1930-1950. *Alternativas: Cuadernos de trabajo social* (3), 23-40.
- Fernández Rei, Francisco (2007). Unha vida entre peixe e salitre do mar da Arousa. *Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial* (4), 22-29.
- López Rodríguez, Mariña (2020). Alfaceme, unha fábrica con alma. En X. Carmona Badía, X. R. Iglesias e M. López, *Alfaceme: historia e memoria* (páxs. 35-91). Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.
- López Vidal, María del Pilar (2005). Limitaciones laborales a la mujer, 1885-1950. En L. Abreu Sernández, *Evolución del papel de la mujer en la actividad económica de Vigo entre 1880 y 1950* (páxs. 109-135). Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

- Martínez López de Castro, Rut (2021). La domesticidad en la primera etapa del franquismo en la Escuela Municipal de Artes y Oficios de Vigo. *Arenal*, 28 (2), 575-595.
- Muñoz Abeledo, Luisa (2010). *Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia, 1870-1970*. Barcelona: Icaria.
- Nielfa Cristóbal, Gloria (2003). *Mujeres y hombres en la España franquista : sociedad, economía, política, cultura*. Madrid: Complutense.
- Núñez Pérez, María Gloria (1993). Evolución de la situación laboral de las mujeres en España durante la Segunda República (1931-1936). *Cuadernos de Relaciones Laborales* (3), 13-31
- Pérez-Fuentes Hernández, Pilar (2003). Ganadores de pan y amas de casa: los límites del modelo de Male Breadwinner Family. Vizcaya, 1900-1965. En C. Sarasúa e L. Gálvez, *¿Privilegios o eficiencia? Mujeres y hombres en los mercados de trabajo* (páxs. 217-239). Alicante: Publicaciones de la Universidad de Alicante.
- REMSP (2016). *Diagnóstico sobre la situación profesional de las mujeres en el oficio del marisqueo en España*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- Requejo Losada, Carolina (2005). Ausencia y presencia femenina en la gestión empresarial, 1880-1910. En L. Abreu Sernández, *Evolución del papel de la mujer en la actividad económica de Vigo entre 1880 y 1950* (páxs. 139-160). Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Rodríguez Rodríguez, Manuel Ramón (2011). Los Alfageme. En X. Carmona Badía, *Las familias de la conserva* (páxs. 306-331). Vigo: Deputación de Pontevedra e ANFACO-CECOPESCA.
- Romaní, Ana e Caamaño, Begoña (1997). Mulleres do mar, o traballo nas marxes. *Tempos Novos* (4), 30-37.





SEREAS
"as mulleres do mar"

Título

O traballo feminino en industrias pesqueiro-marítimas durante o primeiro franquismo.
Un caso de estudo en Vigo

Edición

SEREAS "AS MULLERES DO MAR"
Fundación clúster de conservación de produtos do mar-FUNPROMAR
Fundación para a pesca y marisqueo – FUNDAMAR

Financiado por Deputación de Pontevedra

Deseño e maquetación

Peixe Globo Ideas S.L.L
www.peixeglobo.com
info@peixeglobo.com
+34 640 396 746

Autores / Colaboradores

Mónica Carballal

Revisión Lingüística
Begoña Méndez Vázquez
Gabinete lingüístico de CCOO Galicia

Agradecementos

Luisa Muñoz Abeledo.

José María Leal Bóveda, Araceli González Crespán, María Consuelo Currás Valle,
Belén Fernández-Feijóo Souto, Rocio Rodríguez Daponte, Silvia Ruiz Blanco, Sonia
Rodríguez Parada, María Bastida Domínguez, Mariña López Rodríguez, María
Caldeiro López, Patricia Leirós Bugallo, Lourdes Porto Prieto, María Padín Espiño,
Henry Robusto, Bibiana García Soto.



SEREAS

“as mulleres do mar”



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA